

2024/SUBCC/000006

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 28.11.2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

E.- CORRECCIÓN DE ERROS E MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS PARA A REHABILITACIÓN DE ACTUACÍONS INCLUIDAS NO PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACÍONS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN, E RESILIENCIA. CENTRO HISTÓRICO. 2024/SUBCC/000006.

Examinado o expediente de razón e ao abeiro do establecido nos artigos 172 e 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quedan acreditados os seguintes :

FEITOS

Primeiro.- No Boe número 239 do mércores 6 de outubro de 2021, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, publica o Real Decreto 853/2021, de 5 de octubre, por el que se regulan los programas de ayuda en materia de rehabilitación residencial y vivienda social del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, neste texto normativo se establecen os fins para unha serie de axudas europeas ao estado español, por mor da crise sanitaria vivida coa pandemia do COVID – 19.

Segundo.- No DOG número 137, do martes 19 de xullo, o Instituto Galego de Vivenda en Solo, publica a Resolución do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022, mediante o cal se abre o prazo para solicitar as axudas.

Terceiro.- Con data 19/10/2022, o Concello de Pontevedra solicita a participación no programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU.

Cuarto.- En data 28/06/2023, o Concello de Pontevedra adhírese ao Acordo asinado entre o Ministerio de Transportes, Vivienda y Agenda Urbana, e a Xunta de Galicia.

Quinto.- Consta no expediente administrativo informe de sostenibilidade do programa, de data 15.04.2024.

Sexto.- Consta informe favorable da Intervención Municipal de data 30/08/2024.

Sétimo.- En data 17/10/2024, a Xunta de Goberno Local, acordaba a aprobación das Bases Reguladoras de Subveccións para a Rehabilitación de Actuacións Incluídas no Programa de Axuda ás Actuacións de Rehabilitación a Nivel de Barrio.

Oitavo.- As Bases aprobadas foron remitidas á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), así como publicadas na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra.

Nono.- Tras a publicación das Bases referidas, detectáronse varios erros nas mesmas, consistentes fundamentalmente en ausencias por erros informáticos de cadros informativos na Base 9 referente aos criterios de avaliación, así coma un erro no prazo de presentación de solicitudes e lugar de publicación que recolle a Base 10, e tamén un erro no Código de Verificación Segura (CSV) das referidas Bases, tanto no relativo ao Centro Histórico, canto ao Núcleo de Estribela.

Décimo.- A necesidade da corrección das Bases polos erros advertidos nas mesmas, posibilita tamén a realización dunha modificación de ditas Bases no sentido de suprimir diversos apartados que posibilitaban





o acceso aos fondos por parte de empresas, xa que obxecto principal das axudas vai destinada á consecución dunha mellora acreditada da eficiencia enerxética de construción residencial, ben sexa de carácter colectivo, como en vivendas unifamiliares, dentro dos respectivos ámbitos delimitados, polo que resulta patente que os fondos van directamente destinados a persoas físicas e/ou comunidades de propietarios para os supostos de vivendas ou edificacións colectivas. Non entanto, nas Bases publicadas, no seu punto 1. apartado e) da Base 8, no relativo ás entidades beneficiarias e destinatarios últimos, contemplaba a posibilidade de que as empresas arrendatarias ou concesionarias de edificios, así como cooperativas arrendatarias que acreditasen esta condición, mediante contrato vixente, que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto do programa, puiden acceder a este tipo de fondos.

Unha calmada lectura e tranquilo análise deste punto, suscita diversas cuestións, como serían aspectos, prácticos, relativos aos repartos de fondos, canto tramitación administrativa. Así, a realidade pon de manifesto que tras anos de xestión de subvencións para a mellora da vivenda en Pontevedra, nunca ten sido solicitada unha subvención deste tipo por unha empresa, e tendo en conta que como se ten afirmado, os fondos van destinados directamente aos particulares polo seu propio obxecto, dar unha posible entrada ás empresas podería mermar o posible reparto de ditos fondos entre precisamente os destinatarios que se pretende beneficiar coa súa adxudicación e posterior aplicación dos mesmos. Por último, tampouco se debe esquecer a cuestión administrativa, na que o outorgamento destes fondos a empresas, requiriría unha específica, complexa, tediosa (de ata cinco fases diferenciadas) e prolongada tramitación administrativa, sendo que existe un prazo máximo para a finalización do programa, 30/06/2026, contando o Concello de Pontevedra cos mesmos medios materiais e persoais, por tanto parece oportuno eliminar a posibilidade de que as empresas poidan acollerse a este programa, eliminando do punto 1 da Base 8 o seu apartado e).

A supresión das Bases da posibilidade de que as empresas poidan optar a subvencións dentro do programa, convela a eliminación das mesmas de todos cantos apartados regulan e establecen o concreto en relación ás mesmas, e así, debe igualmente procederse á supresión do punto 6 da citada Base 8 de xeito completo, os apartados b), c), e f) do punto 5º da Base 11 no relativo ás Solicitudes, e a supresión no apartado b) do punto 7º da mesma Base 11, do texto in fine "...no caso de que a solicitante sexa unha persoa física, xurídica de natureza privada ou agrupación de persoas propietarias que non consten como titulares catastrais ..., a eliminación completa do apartado i) do punto 7º da Base 11, eliminación do apartado r) do punto 7º da Base 11, así como os dous párrafos finais recollidos na Base 13 correspondente ao Prazo de inicio de obras que rezan do seguinte xeito "... Con todo, a solicitude de axuda deberá ser anterior ao comezo das actuacións subvencionables no caso de beneficiarios da axuda que exerzan actividades económicas ou comerciais e que a suma do importe de axudas concedidas nos últimos tres anos fiscais e da contía de axuda solicitada nesta convocatoria sexa igual ou superior aos 200.000 euros.

Neste caso aplicarase o disposto no Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declararán determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, aplicando a exención correspondente ás axudas ao investimento destinadas a medidas de eficiencia enerxética regulada no artigo 38, de iniciar con anterioridade as actuacións non cumpriría o requisito de que a axuda teña un efecto incentivador. ...". A modificación das Bases vai encamiñada do mesmo xeito a imposibilitar que as axudas á empresas poidan constituir unha axuda de Estado, falseando ou amenzando falsear a libre competencia, favorecendo a determinadas empresas ou producións.

Undécimo.- Consta informe favorable do Servizo de Intervención de data 27/11/2024.

Vistos os Feitos relatados, resultan de aplicación os seguintes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeneral de subvencións, así como o Real





Decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos.

Segundo.- O determinado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Terceiro.- O previsto no Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Cuarto.- O Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Quinto.- O establecido na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Sexto.- O previsto na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Sétimo.- A Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executen o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Oitavo.- O establecido na lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; e o D11/2009 polo que se aproba o regulamento da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Nono.- O acordo nº 36 asinado o 28.06.2023 entre o Concello de Pontevedra, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana do programa de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para as ERRPs declaradas en Pontevedra.

Décimo.- A Resolución do 8 de xullo 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022.

Undécimo.- O previsto na lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Duodécimo.- A lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo terceiro.- O previsto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no relativo á corrección de erros materiais, aritméticos, ou de feito.

Décimo cuarto.- O disposto na lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local e a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

Décimo Quinto.- O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, establece como competencias propias do Municipio a conservación e rehabilitación da edificación, sendo que a cláusula residual determina a competencia da alcaldía naquelas materias nas que non se determine órgano concreto, sendo que no Decreto de Alcaldía de data 17/09/2024, se establece a competencia da Xunta de Goberno Local para aquelas convocatorias de subvención cuxa contía sexa superior a 12.020.24€, en virtude do establecido na Ordenanza de Subvencións do Concello de Pontevedra.

Xa que logo, ao abeiro do disposto no artigo 45.2 d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, aprobado polo Pleno do 21/10/2005 (BOP núm. 248, do





28/12/2005), á vista dos antecedentes expostos, e de acordo co contido dos informes da arquitecta da OTR, que lle serven de fundamento ao abeiro do establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á corrección de erros advertidos nas Bases de subvencións para a rehabilitación de actuacións incluídas no Programa de axuda ás actuacións a nivel de Barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU nos ERRPs declarados no Concello de Pontevedra, mediante resolución da Concelleira da Área de Réxime Interior de data 18/10/2022, e aprobadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de data 17/10/2024.

E en tal xeito, corrixir os seguintes erros :

Na Base 9, relativa aos Criterios de avaliación, onde figuraba un espazo en branco, debe figurar o seguinte cadro :

PEPRICA	
Protección:	
Monumental	40 puntos
Integral	30 puntos
Estructural	20 puntos
Ambiental A e B	10 puntos
Ambiental C	5 puntos

Na Base 10 relativa ao prazo de presentación de solicitudes, ond di "... O prazo de presentación de solicitudes será de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto destas bases no Boletín Oficial de Pontevedra. ...", debe dicir "... O prazo de presentación de solicitudes será de tres (3) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto destas bases no Boletín Oficial de Pontevedra".

Onde no punto primeiro da parta dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/10/2024, di "...Primeiro.- Prestar aprobación ás bases e convocatoria de subvencións para a rehabilitación de actuacións incluídas no Programa de axuda ás actuacións a nivel de Barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU nos ERRPs declarados no Concello de Pontevedra, mediante resolución da Concelleira da Área de Réxime Interior de data 18/10/2022, delimitado como o Centro Histórico de Pontevedra, anexas á proposta da xefatura de servizo de Policía Administrativa, Vivenda e Servizos de data 16.10.2024 (CSV VQ7JGF1HE5NKWEP5). ..." debe dicir "...Primeiro.- Prestar aprobación ás bases e convocatoria de subvencións para a rehabilitación de actuacións incluídas no Programa de axuda ás actuacións a nivel de Barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU nos ERRPs declarados no Concello de Pontevedra, mediante resolución da Concelleira da Área de Réxime Interior de data 18/10/2022, delimitado como o Centro Histórico de Pontevedra, que constan no expediente 2024/SUBCC/000006 baixo o CSV NL8CEL2BXUKAYWEY".

Manténdose sen alteración os restantes extremos do acordo aprobado.

Segundo.- Proceder á modificación das Bases de subvencións para a rehabilitación de actuacións incluídas no Programa de axuda ás actuación a nivel de Barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, suprimindo das mesmas os seguintes apartados :

- Suprimir no punto 1 da Base 8 o seu apartado e)
- Suprimir o punto 6º da Base 8.
- Suprimir os apartados b), c), e f) do punto 5º da Base 11 no relativo ás Solicitudes.





- Suprimir no apartado b) do punto 7º da Base 11, o texto in fine “...no caso de que a solicitante sexa unha persoa física, xurídica de natureza privada ou agrupación de persoas propietarias que non consten como titulares catastrais ..., así como a completa eliminación do apartado i) do punto 7º da Base 11, e a eliminación do apartado r) do punto 7º da Base 11.

- Suprimir os dous párrafos finais recollidos na Base 13 correspondente ao Prazo de inicio de obras, que rezaban do seguinte xeito “... Con todo, a solicitude de axuda deberá ser anterior ao comezo das actuacións subvencionables no caso de beneficiarios da axuda que exerzan actividades económicas ou comerciais e que a suma do importe de axudas concedidas nos últimos tres anos fiscais e da contía de axuda solicitada nesta convocatoria sexa igual ou superior aos 200.000 euros.

Neste caso aplicarase o disposto no Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declararán determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, aplicando a exención correspondente ás axudas ao investimento destinadas a medidas de eficiencia enerxética regulada no artigo 38, de iniciar con anterioridade as actuacións non cumpriría o requisito de que a axuda teña un efecto incentivador. ...”.

- Admitir a trámite aquelas solicitudes de axuda que se teñan presentado coa publicación das Bases, sempre que cumpran cos criterios e requisitos establecidos nas Bases modificadas.

Terceiro.- Ordenar a publicación da corrección de erros, canto das modificacións operadas nas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local por acordo de data 17/10/2024, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra, e igualmente dispor a remisión da modificación á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarto.- Contra esta Resolución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte á súa publicación no BOPPO (artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das AAPP) , ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á súa publicación no BOPPO (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contecioso – Administrativa).

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

